



## NOTA DE PRENSA

**O Colexio de Biólogos de Galicia celebrou o Día do Biólogo o 20 de maio**

Foron homenaxeados os colexiados con 25 anos de antigüidade. Ademais procedeuse aos nomeamentos de Biólogo e Empresa do Ano

*Santiago, 23 de maio de 2016.* O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrou de novo o día 20 de maio o **Día do Biólogo** no Pazo de Adrán (Calo-Teo).

Á cita, que serviu para encontrarse de novo e compartir experiencias, poideron asistir 10 dos colexiados que levan 25 anos no Colexio, que foron obxecto de recoñecemento pola súa ininterrompida pertencencia a el, por medio da insignia biolóxica da dobre hélice do ADN e diploma conmemorativo. En nome dos homenaxeados pronunciou unhas palabras, **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Rodríguez-Moldes Rey**, Vicerreitora de Investigación da USC, bióloga.

Este ano os colexiados, mediante votación, distinguiron como **Biólogo do Ano** a **D. David Posada González**, Catedrático de Xenética da Universidade de Vigo, primeiro galego en conseguir unha Starting Grant, do Consello Europeo de Investigación, pola importancia dos seus proxectos sobre a evolución somática das células canceríxenas, orixe de posibles aplicacións que melloren o diagnóstico dos cancros. El mesmo recolleu placa e diploma de mans do Decano do COBGA, **D. José Pelayo Míguez Baños**.

Así mesmo foi nomeada **Empresa do Ano Hifas da Terra, S. L.**, empresa biotecnolóxica liderada por unha bióloga, **Catalina Fernández de Ana**, en atención á súa traxectoria desde 1999 no ámbito da micoloxía: desde os kits de cultivo micolóxico ata a oncoloxía integrativa, baseada no desenvolvemento industrial do cultivo de fungos medicinais para obter compostos anticanceríxenos. O galardón foi recollido por **D<sup>a</sup> María Monteagudo**, responsable do Departamento de Calidade.

**Colexio Oficial de Biólogos de Galicia**

981 53 14 40

[info@biologosdegalicia.org](mailto:info@biologosdegalicia.org)